



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

CIRCULAR 13/2010

- A todas as Delegacións (*)
 - A todos os assembleistas
 - A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada
- (*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CONVOCATORIA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA 2009

**CONVOCATORIA XUNTA DIRECTIVA E COMISIÓN DELEGADA, COMISIÓN DE CLUBES,
COMISIÓN DE ATLETAS, COMISIÓN DE XUCES E COMISIÓN DE ADESTRADORES**

Salón de Actos da Secretaría Xeral para o Deporte
Santiago de Compostela (A Coruña)
13 de febreiro do 2010

De acordo co que determinan os artigos 18 e 22º dos vixentes Estatutos desta Federación Galega de Atletismo, convocase a **Asemblea Xeral Ordinaria**, correspondente ao ano 2009. A Asemblea celebrarase en *Santiago de Compostela* no *Salón de Actos da Secretaría Xeral para o Deporte*, sita no Estadio Multiusos de San Lázaro. A Asemblea terá lugar o **Sábado día 13 de febreiro do 2010** as 18:30 horas en primeira convocatoria e ás 19:00 horas en segunda convocatoria, para tratar os seguintes asuntos do orde do día.

ORDE DO DÍA

- 1.- Saúdo e benvida do Presidente da FGA
Lista de compoñentes
Designación de dous delegados escrutadores
- 2.- Aprobación, se procede da Acta da Asemblea Xeral anterior
- 3.- Informe do Presidente
- 4.- Aprobación, se procede, da liquidación provisional do ano 2009.
- 5.- Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento para o ano 2010.
- 6.- Estudo e debate das propostas presentadas polos assembleistas
- 7.- Estudo e aprobación se procede, do Calendario de Actividades Xerais para a tempada 2009/10.
- 8.- Rogos e cuestións

Os Clubs que forman parte da Asemblea, deberán acreditar á persoa que os represente, mediante escrito asinado polo Presidente ou persoa autorizada do Club, e co selo do mesmo. Este escrito estará asinado igualmente polo interesado, que o entregará ao Secretario da Federación Galega de Atletismo, antes do comezo da sesión. Recórdase que para a válida constitución da Asemblea, en primeira convocatoria, requírese como mínimo a metade dos seus membros de pleno dereito, e en segunda con calquera que sexa o número de asistentes.

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

10:00 h. Reunión Xunta Directiva e Comisión Delegada

12:00 h. Reunión Comisión de Atletas

12:00 h. Reunión Comisión de Clubes

12:00 h. Reunión Comisión de Adestradores

12:00 h. Reunión Comisión de Xuices

17:00 h. Reunión Xunta Directiva e Comisión Delegada

18:30 h. 1ª Convocatoria Asemblea

19:00 h. 2ª Convocatoria Asemblea

NORMAS DE ACTUACIÓN DA ASEMBLEA XERAL DA F.G.A.

I – FORMULACION DE PROPOSTAS

Art. 1º.- Unha vez convocada a Asemblea, os asembleístas poderán enviar as propostas ata o **día 5 de febreiro as 18:00 horas**. Todas as propostas deben ser enviadas por email (secgeneral@fgatletismo.com) a través do modelo que se inclúe nesta circular. A FGA responderá ao proponente a través do email confirmando a recepción da mesma. Será responsabilidade do proponente asegurarse da recepción da súa proposta.

Art. 2º.- Estas propostas seguirán un formato unificado no que se especificarán o nome do proponente, o texto da exposición e a proposta final. Por cada proposta distinta que se formule enviarase un impreso diferente.

Art. 3º.- Recibidas todas as propostas en forma e prazo indicados, a Xunta Directiva realizará un estudo das mesmas, para admitir todas aquelas que polo seu contido deban ser presentadas para a súa aprobación na Asemblea Xeral. A Xunta Directiva na súa reunión previa a asemblea poderá efectuar e elevar á asemblea novas propostas.

Art. 4º.- As propostas non aceptadas serán devoltas aos proponentes cunha explicación escrita da causa de seu non aceptación

II – DELIBERACIÓN DAS PROPOSTAS

Art. 5º.- As propostas aceptadas serán expostas na Asemblea Xeral polos proponentes durante 5 minutos, tralo cal o Presidente pedirá que se ergan os que desexen intervir, permitíndose ata 2 quendas a favor e ata 2 quendas en contra, cun prazo máximo de 2 minutos por cada intervención. Unha vez terminadas as intervencións, o Presidente cederá a palabra ao proponente para que formule a proposta, co que se pasará á votación da mesma.

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Art. 6º.- Durante o debate, poderán formularse emendas “in óbice” para aunar criterios contrapostos. O Presidente poderá conceder 2 quendas a favor e 2 en contra das mesmas, de 2 minutos cada un, para proceder a seguir á súa votación.

III – VOTACIÓNS

Art. 7º.- As votacións realizaranse na forma e pola orde que a Presidencia estableza, sendo esta a que ha decidir se han ser ordinarias, nominais ou secretas, se polo menos o vintecinco por cento dos asistentes solicita unha modalidade determinada, a forma de votación decidírase por maioría simple dos membros da Asemblea Xeral. Non caso de empate ou voto do Presidente será de calidade

Art. 8º.- No caso de dúbida, a votación repetirase

Art. 9º.- O reconto de votos realizarano os 2 escrutadores escollidos pola Asemblea ao comezo da mesma.

Art. 10º.- As votacións non poderán interromperse baixo ningún concepto e mentres teña lugar a mesma, non poderá entrar nin saír da sala onde celébrese ningún dos membros da reunión ou Asemblea.

Art. 11º.- Terminado o escrutinio o Secretario dará o resultado da votación

Art. 12.- As votacións para a elección de cargos serán secretas. Realizaranse polo procedemento que acorde a mesa

A Coruña, 26 de Xaneiro do 2010
Víctor Arufe Giraldez
Secretario Xeral FGA

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

PROPOSTA PARA A ASEMBLEA XERAL 2009

(Non cubrir os espazos sombreados)

PROPOÑENTE: Dº/Dª.

REPRESENTANTE DE (ESTAMENTO):

TEMA:

Para tratar en:

EXPOSICIÓN:

PROPOSTA:

DATA:

D.N.I.:

SINATURA:

Aceptada

Rexeitada

Rechada por:

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS ATA O DÍA 5 DE FEBREIRO AS 18:00 HORAS
(secgeneral@fgatletismo.com)

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR

